

Programa de actividades de fomento da lectura

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

Mª Luz Corral Uzal
Bibliotecaria municipal
m.corral@oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227 A,
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511 - Fax : 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

Esther Garrido Pan
Concelleira de Cultura e
Normalización Lingüística
e.garrido@oleiros.org

1 ► Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

- Presentación das bibliotecas. Catálogo dos fondos bibliográficos, páxina web e blog

2 ► Actividades de promoción da lectura

- Valados
- XXVI Campaña de promoción da lectura
- Paxariños
- Festas en Lonxedetodo!
- Elas tres: a nena, a raíña e a bruxa
- Contos para desafiar ás tres bestas pardas
- Os tres avisos
- Charlie e a fábrica de chocolate
- Un conto de tres noites
- Xeografía do imaxinario
- Un amor voador
- Marxinados
- Música e imaxe co compositor e músico Nani García
- Obradoiros de ilustración
- Sensacións debuxadas: debuxando cos cinco sentidos
- Talleres de banda deseñada
- Hip Hop poema pop
- Leixaprem: Martín Codax
- Cantando con Rosalía
- Encontros con escritores/as
- Obradoiro de literatura e ciencia con Estibaliz Espinosa
- Espectáculo poético visual con Yolanda Castaño
- O corazón delator e outros contos de Edgar Allan Poe

Programa de actividades de fomento da lectura

2 ► Actividades de promoción da lectura *(continuación)*

- Contos de candil que ninguén cre: contacontos a partir da adaptación de obras de Ánxel Fole
- De Fole a Miranda
- Campos de Castilla de Antonio Machado
- Contos escollidos de Emilia Pardo Bazán
- “La voz a ti debida”: recital de diferentes poesías desta obra de Pedro Salinas
- Poesía e teatro de Federico García Lorca a cargo de Soledad Felloza
- Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda
- A favor da igualdade: Contos contados con todas e todos
- Mulleres que corren con lobos
- Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil:
- O rato ilustrador
- Día do Libro
- Cervantes Vs Shakespeare
- “Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres”
- Día das Letras Galegas. Escritor homenaxeado: Carlos Casares
- Conferencia divulgativa sobre a vida e a obra de Carlos Casares
- Cacaracá
- As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas
- O galo de Antioquía
- O carteiro en bicicleta
- Un polbo xigante
- Clío. A musa excéntrica
- Deus sentado nun sillón azul e outras novelas de Carlos Casares
- Guías de lectura e recomendacións bibliográficas
- Club de Lectura Xuvenil Rialeda
- Roteiro cultural e literario

Programación de actividades de fomento da lectura

1. Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais


► Presentación

O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros está formado por unha biblioteca central, situada en Perillo e seis bibliotecas auxiliares localizadas en Santa Cruz, onde está instalado o Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro, Oleiros, Mera, Dorneda, Nós e Lorbé.

Posúen, en total, **436 postos de lectura en sala, un fondo bibliográfico duns 156.519 libros e 17.412 materiais especiais: DVD (películas, documentais...), CD e CD-ROM, 258 títulos de publicacións periódicas abertas, 37 ordenadores para consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e 10 impresoras para a utilización das persoas usuarias**, para servir a unha poboación de **35.220 habitantes**.

Todas as bibliotecas teñen WI-FI para conectarse a Internet de forma gratuíta e o seu acceso é libre e gratuíto.

Nas salas de lectura todos os fondos están en acceso directo, polo que calquera persoa pode coller o libro que desexe para consultalo ou lelo dentro da biblioteca. Para levalo en préstamo deberá ser socio/a dalgunha das sete bibliotecas



municipais, para isto só necesita cubrir un impreso e xa se lle realiza a tarxeta de lector/a. Desta forma pode levar prestados para a casa un máximo de 10 fondos bibliográficos que poden ser entre: 5 libros + 2 DVD + 2 CD + 1 documento electrónico (CD-Rom, etc.) + 2 revistas + 2 E-Reader.

O **catálogo** dos fondos bibliográficos pode consultarse na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia:
<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

A páxina web é

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>

Tamén pode visitar o **blog**:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Se comparamos o número de habitantes do municipio co total de libros comprobamos que os 156.519 volumes **equivalen a 4,4 libros por habitante**, o que nos sitúa por riba da media de Galicia.

Programación de actividades de fomento da lectura

2. Actividades de promoción da lectura

► **CONTACONTOS VALADOS.** Baseado na obra do mesmo título de **AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ.**

A cargo do actor e contador de contos **Ramiro Neira**

Descrición

A historia de Helena e Xoel. Da súa fermosa amizade e da súa vila chea de vida ata que un vento fantasmagórico lle rouba a ledicia e o amor e aproveita as diferenzas entre as persoas para convertelas en prexuízos: o medo ao diferente, a desconfianza no veciño...


Prexuízos adultos suficientes para erguer un VALADO que parte a cidade en dous, deixando a Helena a un lado e a Xoel ao outro.

A rebeldía, o enxeño e o amor que os unen serán as ferramentas para crear artimañas de comunicación e seguir así xuntos aínda que separados.

Un espectáculo no que lanzamos ao ceo un papaventos cunha mensaxe de reflexión, esperanza e insurrección.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta fermosa e emotiva obra de Agustín Fernández Paz.
- Fomentar a imaxinación.



Duración

50 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Narración oral.

Programación de actividades de fomento da lectura

► XXVI CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA LECTURA nas Bibliotecas Públicas Municipais

Descrición

O gusto e o amor pola lectura non é innato, aínda que nesta se atopen condicións e medios de desenvolverse a persoa. A aprendizaxe do/a neno/a que non se sente inclinado a ela, esixe ás veces un verdadeiro esforzo, polo que os distintos entes educativos e culturais, como son neste caso as bibliotecas, debemos promover o gusto pola lectura, xa que se trata dun medio indispensable para adquirir cultura. Debemos traballar por espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro, que os/as nenos/as e mozos/as vexan que tamén se poden divertir lendo, mostrar a diversidade que existe nos libros, onde se pode encontrar todo tipo de información, segundo os intereses e afeccións de cada individuo.

Por este motivo emprendemos este curso unha nova campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste concello adquiren gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos respectivos centros de ensino.

Obxectivos

- Coñecer algunhas das bibliotecas do Concello de Oleiros.
- Potenciar a asistencia ás bibliotecas municipais, non só como lugar de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica.
- Espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.
- Achegarnos pola vía da animación aos sectores menos dados á lectura, a aqueles nenos/as, adolescentes e mozos/as que non senten ningún interese por esta.



Programación de actividades de fomento da lectura

- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar unha lectura lúdica, crítica e reflexiva que os faga pensar e reflexionar como cidadáns/as máis libres e solidarios.
- Vivir o libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa.
- Promover a reflexión nos diferentes axentes educativos sobre a importancia da lectura como un enriquecemento individual e colectivo.
- Incidir na importancia dos libros de contos, narracións e historietas no desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos/as, adolescentes e mozos/as.

Datas

De febreiro a xuño.

Lugares de realización

- Biblioteca Central Rialdea en Perillo.
- Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.
- Biblioteca P. Municipal Manuel María, en Oleiros.

Destinatarias/os

Dirixida ao alumnado dos centros de ensino público que o soliciten.



Monitorado

Contratarase monitorado específico para cada actividade.

Actividades

En función das necesidades e da programación de cada centro realizaranse actividades específicas para os distintos cursos que o soliciten:

- Presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento.
- Contacontos.
- Narración ou dramatización de contos, a través dun enfoque lúdico e dunha vivencia activa cos libros.

Contacontos de: Pablísimo, Soledad Felloza, Paula Carballeira, Ramiro Neira, Caxoto, Elefante Elegante e da Compañía Trinke-Trinke.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **PAXARIÑOS. Contacontos teatral.**

A cargo de Trinke Trinke

Descrición

O Rato Fuco aparece na biblioteca cunha caixa moi grande dentro da que hai... un ovo tamén moi grande!

Fuco está moi ilusionado co nacemento que se aveciña e empeza a coidar o bebé mesmo antes de que naza... pero... que haberá dentro do ovo?

Narrado con música orixinal de Tito Barbeito e co apoio dunha caixa decorada coas ilustracións do conto sobre as que se manipulan os personaxes en silueta.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

40 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de educación infantil (3, 4 e 5 anos) dos centros de ensino público que o soliciten.



Actividades

Contacontos teatralizado.

Contos

Turelí, tureló. Elzbieta. Ediciones Ekaré.

El gran libro del pollo Pepe. Nick Denchfield e Ant Parker. S.M.



Programación de actividades de fomento da lectura

► **FESTAS EN LONXEDETODO!.**

Contacontos teatral.

A cargo de **Trinke Trinke**

Descrición

Pensastes algunha vez en como serán as Festas de Lonxedetodo? Nas Festas de Lonxedetodo cómese, bébe-se, báilase, cántase e... como non! Cóntanse contos! Hoxe o Rato Fuco váinolo explicar, con todo luxo de detalles e moita diversión!

Obxectivos


- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

40 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.





Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de 5 anos de educación infantil, 1º e 2º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatralizado.



Contos

A Banda de Vilacendoi. Xulio Gayoso. Kalandraka.

O caracol Remoldiño. Xoán R. Cuba. Galaxia.

Chibos, chibóns. Olalla González e Federico Fernández. Kalandraka.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **ELAS TRES: A NENA, A RAÍÑA E A BRUXA.**
Contos nas que elas son as protagonistas.

CONTACONTOS. A cargo de Paula Carballeira

Descrición

Cando unha nena ou unha rapaza sae da casa e escolle un camiño que non sabe onde leva é porque comeza a súa grande aventura. En moitos contos de moitas tradicións esa é a orixe de historias onde a valentía, o desafío, o amor e o perigo van da man. Só quen se atreve a poñer a proba a súa intelixencia, resolverá os misterios, como a *Nena dos Catro Camiños*, a *Raíña dos Crocodilos* ou a *Bruxa do Bosque Escuro*.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

50 minutos.



Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de 5 anos de educación infantil, 1º e 2º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **CONTOS PARA DESAFIAR AS TRES BESTAS PARDAS.** Contos nos que a lectura é a protagonista.

CONTACONTOS. A cargo de Paula Carballeira

Descrición

Nunha fermosa casa á beira do camiño que leva ao río, viven tres irmás: a maior canta, a mediana cociña e a máis pequena le tantos libros que sabe todas as adiviñas. Quen pase por aquel camiño debe saber a resposta ás preguntas da irmá pequena, porque se non, perde todo o que leva. Porén, hai quen escolle o río para ler, aínda que aquelas tres irmás se volvan bestas pardas, ou a montaña na que vive un monstro perigoso, porque todo o mundo sabe que os contos aman-san as bestas e os monstros.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

50 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de 5 anos de educación infantil, 1º e 2º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos.



Programación de actividades de fomento da lectura

► **OS TRES AVISOS.** Contos tradicionais de medo e misterio para as noites de inverno.

CONTACONTOS. A cargo de Paula Carballeira

Descrición

Hai cousas que sabemos desde sempre, pero non lembramos. Os contos traen á nosa memoria as sensacións de por que sempre cando a noite é máis escura, algo ou alguén peta na porta; ou por que é mellor non saír da casa para saber que agochan as tebras; ou por que é mellor non desafiar o destino. Historias da tradición oral galega que aínda hoxe teñen algo que dicir sobre a nosa maneira de confundir ficción e realidade.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

50 minutos.



Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de 6º curso de ensinanza primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos.



Programación de actividades de fomento da lectura

► CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE de ROALD DAHL.

A cargo de Soledad Felloza

Descrición

Interpretación da famosa obra de Roald Dahl na que o protagonista, Charlie Bucket, un neno pobre que, xunto co seu avó Joe, soñan con visitar algún día a Fábrica de chocolate. E o soño farase realidade...

Humor, fantasía e imaxinación para gozar con este clásico da literatura infantil.



Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer este célebre libro de Roald Dahl.
- Reflexionar sobre a importancia da familia.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

60 minutos.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarios/os

Dirixido a nenas e nenos de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. Ten diferentes formatos para as distintas idades.

Actividades

Contacontos.



Programación de actividades de fomento da lectura

► UN CONTO DE TRES NOITES de XABIER P. DOCAMPO.

A cargo do contador de contos Caxoto

"... Pois non é para risas, que algo de razón ten ese home –dixo sen virar a cabeza para os que falaban-. Eu sei dunha illa que anda polo mar adiante desde non se sabe cando. Ás veces pasa moito tempo sen que a vexa ninguén..."
Xabier P. Docampo

Descrición

Durante 50 minutos deixáremonos levar polo enigma que fai que unha illa xurda do medio do mar sen previo aviso. Que malos augurios pode traer? Acaso o inmenso mar non gardará alá no fondo historias e segredos que ninguén coñece?

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. Docampo.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

40 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos.



Programación de actividades de fomento da lectura

► XEOGRAFÍA DO IMAXINARIO. Contos e lendas da mitoloxía galega.

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Contos e lendas de tradición oral sobre mitoloxía e seres míticos de Galicia.

“Galicia ten un mapa que ás veces non se ve”.

Un mapa que necesita que o volvan a contar porque se non, vaíse borrar.

Nel habitan seres pequeniños e grandes, fermosos e feos. Seres que vivían grazas a que as súas historias se contaban nas tardes de inverno ao calor do lume.

Pero agora, por présas ou esquecementos, poucos falan deles.

Pero basta achegarse a un río, a unha ferverza, e alí sentados nos seus bancos, podes escoitar os contos dos trasnos.

E se vas a un castro, podes saber das noites en que se acenden fachos para que a memoria se ilumine.

E hai pontes que hai que cruzar no bico dos pés para non espertar á moura que alí vive.

E montes onde as bruxas aprenden a voar nas súas vasoiras.



E pedras que esconden tesouros e covas que gardan dragóns.

E ondas que traen o canto das sereas.

Xuntos trazaremos este mapa de novo, para que poidas percorrer e descubrir unha xeografía diferente, única.”

Obxectivos

- Difundir o coñecemento de contos e lendas da mitoloxía galega.
- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

40 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos a través da narración de mitos e lendas galegas: trasnos, mouras...

Programación de actividades de fomento da lectura

► UN AMOR VOADOR. Espectáculo baseado na adaptación do libro “No somos irrompibles” da escritora arxentina Elsa Bonermann

Descrición

"No somos irrompibles": "Este libro reúne doce contos para adolescentes onde o amor está presentado coas súas alegrías e os seus temores, cos seus encontros e as súas perdas, pero sobre todo co seu marabilloso poder de transformar a vida dos seres humanos."

A actividade une teatro e educación, intentando alcanzar un equilibrio entre o lúdico e o pedagóxico, construíndo un espazo onde a interacción educativa sexa global e xeradora dun crecemento da persoa dentro dun contexto de grupo. Utilízanse como fío condutor os relatos do libro "No somos irrompibles" fomentando paralelamente o pracer da lectura e as vivencias e aprendizaxes que obtemos con ela. A actividade desenvolverase en galego, a través dunha adaptación da obra que permita a súa narración.

Obxectivos

- Fomentar as relacións afectivas, sas e respectuosas.
- Aceptar o desenvolvemento sexual.
- Adquirir unha imaxe positiva de si mesmos/as.

- Practicar a coeducación.
- Acadar sentimentos de empatía cara ao outro sexo.

Monitorado

Rima Vane - Artes Escénicas / Educación. Compañía formada pola actriz Vanessa Rivas e o actor Jose Leis.

Duración

60 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Realización

Teatro As Torres de Santa Cruz.

Destinatarias/os


Dirixida ao alumnado de 6º de primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Coas miras postas na igualdade e na procura dunha visión das relacións afectuosas igualitarias, así como do descubrir e compartir os sentimentos en común, expóñense aos adolescentes útiles ferramentas para comprender mellor os seus sentimentos, así como claves e recursos para poder afrontar o que lles acontece no seu interior nun período da idade no que todo está a mudar.



Programación de actividades de fomento da lectura



► **MARXINADOS.** Roteiro a partir da obra “Marxinados” do escritor Pepe Carballude

“A tarde tiña o pouso melancólico dos días outonizos cando Vítor Antelo, antes de entrar no centro de traballo, deu un pequeno rodeo e aparcou o coche. Coa mesma camiñou deica os acantilados, desde onde se al-

biscaban os barcos que chegaban esmorecidos ó porto. E púxose a mirar demoradamente coma cando se tenta apreixar un intre para facelo eterno. Era a visita ó santuario da súa adolescencia.”

Descrición

Da man dos protagonistas da obra “Marxinados” de Pepe Carballude recorreremos distintos lugares do noso concello como: a praia de Naval, o castelo de Santa Cruz, Lar A Mercé, a panadería, o IES María Casares, a igrexa e o cemiterio de Santa Eulalia de Liáns. A través deste recorrido, co actor Ramiro Neira de guía, ademais de interpretar de-

terminados capítulos do libro tamén poderán coñecer particularidades do castelo de Santa Cruz e Emilia Pardo Bazán, da igrexa de Liáns e dos outros lugares que se visitarán.

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra *Marxinados* e promover a súa lectura.
- Coñecer diversos lugares do Concello.

Monitorado

Ramiro Neira.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Duración

2 horas.

Destinatarias/os

Dirixida ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Comezase na praia de Naval, de aí partírase ao castelo de Santa Cruz, achegaranse ao Lar A Mercé, pasarán por diante da panadería, do IES María Casares, para rematar na igrexa e no cemiterio de Santa Eulalia de Liáns.



Igrexa de Santa María de Liáns



Programación de actividades de fomento da lectura

► **MÚSICA E IMAXE.**

Iniciación ao mundo da música no audiovisual co compositor e músico Nani García

Xustificación

A relación entre música e imaxe é a faceta máis característica da función que se reserva a cultura da sociedade post-industrial ou era das tecnoloxías da información.

Todas/os somos consumidores de música aplicada. Falamos de música aplicada cando derivamos o seu uso a facetas non estritamente de concerto. Nese momento a música deixa de ser pura para ser o grande acompañante do relato.

E o relato audiovisual é o máis importante de todos; acompañanos no día a día en milleiras de mensaxes a través das diversas plataformas de emisión mediáticas.

Son moitos os estudos que avalan a música como gran catalizador das emocións humanas. Se nalgún momento pode ser efectiva a concienciación deste fenómeno e xusto nas idades a que nos estamos referindo.

Aprender a descifrar os códigos que os compositores manexan acotío é un bo recurso a ter en conta como consumidores culturais que somos.

Non só seremos capaces de entender mellor o feito narrativo que se nos ofrece senón que ademais teremos máis recursos introspectivos á hora de analizar as emocións que nos dominan nun determinado momento como consecuencia dunha música asociada a un relato audiovisual, teatral, lírico etc.

A dialéctica da música e as imaxes, misteriosa emanación froito dunha antiga convención dramática de orixe teatral/operístico que convén non banalizar, é probablemente, segundo algúns teóricos, o elemento de progreso e evolución á música do futuro.



Programación de actividades de fomento da lectura

Descrición

Realización dunha conferencia sobre a relación entre a música e a imaxe impartida polo compositor, músico e produtor musical Nani García, con apoio de proxección e audio con exemplos musicais e audiovisuais comentados. Achegarémonos de forma amena aos códigos elementais que se derivan dun relato audiovisual sempre desde o punto de vista da música.

Con simples exemplos prácticos a través de escoitas e visionamentos entenderemos o papel que xoga o compositor á hora de intervir nun audiovisual.

Determinarase de forma clara que unha vez que a música entra nunha secuencia ou nun determinado punto dun filme, xa non se poderá prescindir dela sen que o sentido máis íntimo do relato se transforme.

Tratar de facer entender ao mesmo público consumidor o aforismo: *"Un bo compositor de cine non é o que mellor música compón senón o que mellor cine fai con ela"*.



Obxectivos

- Achegarnos aos códigos elementais que se derivan dun relato audiovisual desde o punto de vista da música.
- Entender o papel que xoga o compositor á hora de intervir nun audiovisual.
- Fomentar o coñecemento da música e o audiovisual.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Duración

2 horas.

Realización

Teatro As Torres de Santa Cruz.

Destinatarias/os

Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Conferencia con apoio de proxección e audio con exemplos musicais e audiovisuais comentados.

Programación de actividades de fomento da lectura

► OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN

Descrición

Preténdese dar a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos.

Realizaranse talleres de ilustración a través dos cales as nenas e os nenos poidan analizar distintos tipos de ilustracións.



Obxectivos

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

Ilustradores/as

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Marina Seoane, Xosé Tomás, Fran Bueno, Óscar Villán, Marisa Irimia, etc.

Duración

Dependendo do/a ilustrador/a pode durar 60, 90 ou 120 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Para os cursos de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Programación de actividades de fomento da lectura

► SENSACIÓNS DEBUXADAS: *Debuxando cos cinco sentidos*

Descrición

O debuxo é a linguaxe universal. A esencia dos alfabetos está no propio debuxo e con calquera elemento debuxado podemos transmitir unha mensaxe en calquera parte do mundo. O debuxo está na arquitectura, no deseño, na sinalética, nos libros, nas artes escénicas e audiovisuais, nos envoltorios de produtos de todo tipo, nos estudos arqueolóxicos e nun infinito número de lugares que nos rodean cada día.

Laboratorio de debuxo creativo no que, a través dos cinco sentidos, se experimenten sensacións que logo se deben traducir á linguaxe do debuxo.

Cunhas breves nocións e trucos básicos para aprender a debuxar e partindo de formas xeométricas moi sinxelas. A intención é ensinar que o debuxo, igual que a escritura, é unha ferramenta ao alcance de todos/as para comunicarse e resolver problemas e ademais pode converterse nunha saída profesional.

A través de diferentes experimentos de debuxo, traballados a partir do oído, o gusto, o tacto, a vista e o olfacto, os

rapaces aprenden a expresarse mediante o debuxo cos cinco sentidos.

Obxectivos

- Aprender nocións básicas de debuxo.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Observar e analizar diferentes debuxos que aparecen nos libros.

Ilustrador

Manel Cráneo.

Duración

2 horas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Para os cursos de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado hai diferentes formatos.



Programación de actividades de fomento da lectura

► TALLERES DE BANDA DISEÑADA

Descrición

Levaranse a cabo talleres de banda deseñada para que aprendan os aspectos básicos do cómic. Para o alumnado que o curso anterior realizase a sesión de iniciación poderase programar para este unha de perfeccionamento.

Obxectivos

- Aprender diferentes técnicas para a realización dun cómic.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promover a lectura de obras de banda deseñada.

Ilustradores/as

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Xosé Tomás, Fran Bueno, Manel Cráneo etc.

Duración

2 horas.

Temporalización

Desde finais de xaneiro a xuño.

Destinatarias/os

Para os cursos de 3º ciclo de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.



Programación de actividades de fomento da lectura

► HIP HOP POEMA POP.

A cargo de Modestos contos de Broadway

Descrición

Concerto e obradoiro interactivo de música, poesía, pintura e danza a cargo de Juan Carlos Vázquez (compositor, pianista e pintor) e o mestre de cerimonias e cantante Julio Couselo.

Contextualización do fenómeno “hip-hop”. Presentación da actividade facendo alusión aos compoñentes fenomenolóxicos da chamada “cultura hip-hop” (música, danza, literatura, pintura urbana e a súa relación co deporte e o espírito san). Breve mención aos aspectos técnicos deste tipo de música desde un punto de vista da teoría clásica da música (a relación do “rap” e “hip-hop” con certas técnicas compositivas empregadas na música litúrxica (a salmodia gregoriana) e a ópera (o recitativo).



Obxectivos

- Promover a música e a lectura.
- Fomentar a creatividade relacionando rimas de creación propia e espontánea ou textos literarios clásicos coa música urbana do noso tempo.
- Identificar as músicas urbanas con outros tipos de técnicas compositivas clásicas.
- Recoñecer e tratar textos, aparentemente pouco musicables, convertelos en cancións cun marcado carácter rítmico.

Duración

2 horas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Interpretación dun tema de **rap**. Elaboración dunha copla sinxela polos asistentes. Un grupo de voluntarios/as terá a posibilidade de tocar instrumentos de percusión durante a función e outro grupo pintarán un **graffiti** nun lenzo acondicionado para a ocasión. Realizarase unha pequena exhibición de **break-dance**. No transcurso da actividade interpretaranse, intermitentemente, cancións hip-hop.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **LEIXAPREM: Martín Codax.**

A cargo de **Juan Carlos Vázquez**

Descrición

“*Leixaprem*” é un obradoiro de poesía, música e pintura a través do tempo (S. XIII - S. XXI). Unha actividade de creación poética a partir do poema de Martín Codax - “*Eño Sagra’ en Vigo*” (S. XIII) -, cantiga de amigo que emprega o paralelismo.

Obxectivos

- Promover a música e a lectura.
- Fomentar a creatividade do alumnado, relacionando rimas de creación propia e espontánea con textos literarios clásicos.
- Recoñecer o valor cultural do *corpus* poético galego e galego-portugués.

Duración

2 horas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Escribir e completar unha cantiga medieval. A partir dun artificio formal, propiciado pola propia estrutura do *leixaprem*, elaborar unha nova versión do poema “*Eño sagrad’ en Vigo*” de Martín Codax, acompañado de música modal con carácter improvisatorio.



Programación de actividades de fomento da lectura

► CANTANDO CON ROSALÍA.

Actividade creativa poético-musical.

A cargo de Carmela Sánchez de Etnoga

Descrición

Obradoiro homenaxe a Rosalía de Castro e á poesía. Trátase dunha actividade creativa poético-musical para poñer en valor a súa obra poética xunto coa música. As persoas participantes gozarán cun xogo a modo de concurso televisivo musicando poemas, cantando cancións populares, facendo coreografías e bailando.

Obxectivos

- Promover a lectura de poesía e principalmente da insigne poeta Rosalía de Castro.
- Fomentar a creatividade do alumnado, para pór en valor a súa obra poética xunto coa música.
- Recoñecer o valor da poesía da poeta Rosalía de Castro.

Duración

90 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e 1º e 2º curso de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Xogo a modo de concurso televisivo musicando poemas, cantando cancións populares, facendo coreografías e bailando.

Programación de actividades de fomento da lectura

► ENCONTROS CON ESCRITORES/AS

Descrición

Encontros literarios con escritores e escritoras, para dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras.

Obxectivos

- Poner en contacto o lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a forma de escribir dos distintos profesionais.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autores/as.
- Animar á lectura das súas obras.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Escritoras/os

Realízase a actividade en función das programacións e do autor/a que solicite cada centro de ensino.

Destinatarias/os

Para alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.



Programación de actividades de fomento da lectura

► ESPECTÁCULO POÉTICO VISUAL.

A cargo da poeta Yolanda Castaño



Descrición

Un dos rostros máis coñecidos da poesía galega nun novo e atractivo xeito de comunicar os seus versos relacionándoos coa linguaxe visual e as novas tecnoloxías. Unha moderna posta en escena, capaz de conectar mesmo con públicos pouco versados no xénero poético.

Obxectivos

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a obra poética de Yolanda Castaño e fomentar a súa lectura.

Duración

1 hora.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Espectáculo poético visual.



Programación de actividades de fomento da lectura

► O CORAZÓN DELATOR E OUTROS CONTOS de EDGAR ALLAN POE.

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

Historias de Edgar Allan Poe, cun breve percorrido polos contos máis representativos do autor que revolucionou a literatura gótica, cos seus relatos de medo e terror psicolóxico.

Historias de persoas aparentemente normais, sinxelas, de vidas case grises, que se ven envoltas en acontecementos fantásticos, sobrenaturais ou fatídicos, que os levan a situacións límites.

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor Edgar Allan Poe e promover a súa lectura.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora narra diferentes textos.

Actividades

Segundo as idades do público, nállanse diferentes textos:

- El Cuervo
- El barril de amontillado
- El corazón delator
- El engaño del globo
- El entierro prematuro
- El gato negro
- El poder de las palabras
- El pozo y el péndulo
- El retrato oval
- La caída de la Casa Usher
- La carta robada
- La cita
- La máscara de la muerte roja
- La verdad sobre el caso del señor Valdemar
- Los crímenes de la calle Morgue
- Manuscrito hallado en una botella
- Un cuento de las Montañas Escabrosas



Programación de actividades de fomento da lectura

► CONTOS DE CANDIL QUE NINGUÉN CRE.

A cargo de Artestudio Teatro

Descrición

Contacontos baseado nas obras *Á lus do candil*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre* de Ánxel Fole.

Obxectivos

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor galego Ánxel Fole.



Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.


Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos realizado a partir da mestura das súas obras

Á lus do candil,
Contos da néboa e
Historias que ninguén cre.



Programación de actividades de fomento da lectura

► DE FOLE A MIRANDA.

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

Os dous autores comparten territorios. Imaxinarios e físicos. Os lobos, os seres máxicos, a paisaxe...

Ambos os dous, descubren o mundo oculto a través da literatura e abren a porta aos soños, aos pesadelos, ás ilusións e ás fantasías do ser humano.

Actividade baseada en textos de Xosé Miranda e Ánxel Fole:

- *Historia dun paraugas azul*
- *Pel de lobo*
- *Contos Marabillosos*
- *Historias que ninguén cré*
- *Contos da néboa*
- *Á lus do candil*

Escolleranse en cada función contos axeitados á idade do alumnado.

Obxectivos



- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer as obras dos escritores galegos Ánxel Fole e Xosé Miranda.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos baseado en textos de Xosé Miranda e Ánxel Fole.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **CAMPOS DE CASTILLA** de ANTONIO MACHADO.


A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

Antonio Machado publica, por primeira vez, esta obra en 1912, pouco antes da morte da súa muller, Leonor Izquierdo. Despois seguiu escribindo poemas que foi incorporando en sucesivas edicións. Pon o acento nas paisaxes de Castela, na súa xente..., pero estas descripcións inclúen sempre, de forma máis ou menos explícita, pensamento e emoción. Hai unha busca da esencia, da sinxeleza e da naturalidade.

Obxectivos

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a obra *Campos de Castilla* de Antonio Machado.



Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Recital de diferentes poesías desta famosa obra.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **CONTOS ESCOLLIDOS** de EMILIA PARDO BAZÁN.

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

“*Cuentos escogidos*” é unha das obras de Emilia Pardo Bazán, pero este título vai permitir agregar outros contos doutros libros, ou incluso partes de “*Los pazos de Ulloa*” ou de “*La última fada*”.



Obxectivos

- Fomentar a lectura de obras clásicas da literatura española.
- Dar a coñecer algunha produción literaria de Emilia Pardo Bazán.

Duración

1 hora.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Narración de contos seleccionados ou partes de obras.



Programación de actividades de fomento da lectura

► “LA VOZ A TI DEBIDA” de PEDRO SALINAS.

A cargo da actriz Soledad Felloza

Descrición

A autenticidade, a beleza e o enxeño, os tres alicerces da poesía en que cría don Pedro Salinas, fanse verso e voz neste libro.

“La voz a ti debida” (1933) é o primeiro libro da triloxía de temática amorosa formada por esta mesma obra, “Razón de amor” (1936) e “Largo lamento” (1938).

A orixe de “La voz a ti debida”, e da triloxía no seu conxunto, está na historia de amor vivida polo poeta coa profesora norteamericana Katherine R. Whitmore a quen coñeceu en Santander nun curso de verán da Universidade.

Obxectivos

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a creación poética de Pedro Salinas.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Duración

1 hora.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Recital de diferentes poesías desta célebre obra de Pedro Salinas.



A cargo da actriz Soledad Felloza

■ **POESÍA:**

Bolboretas, lúas, cores que
pintan os versos.

A súa poética vai da man da vella tradición popular e da infancia xogadora da innovación moderna.




Do amor profundo pola contorna
á sorpresa polo novo mundo.

Amor, dor, alegría, compromiso.



Selección de poemas das seguintes obras:

- *Poema del cante jondo*
- *Primeras canciones*
- *Canciones*
- *Romancero gitano*
- *Poeta en Nueva York*
- *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*
- *Seis poemas gallegos*
- *Diván del Tamarit*
- *Sonetos del amor oscuro*
- *Cantares Populares*



Programación de actividades de fomento da lectura

■ TEATRO (lectura dramatizada):

O teatro de Lorca é, co de Valle-Inclán, o de maior importancia escrito en castelán no século XX. É un teatro poético, no sentido de virar en torno a símbolos centrais -o sangue, o coitelo ou a rosa-, desenvolverse en espazos míticos ou dun realismo transcendido, e encarar problemas substanciais do existir. A linguaxe, aprendida en Valle-Inclán, é tamén poética. Sobre Lorca inflúen tamén o drama modernista (de aquí deriva o uso do verso), o teatro lopesco (evidente, por exemplo, no emprego organizado da canción popular), o calderoniano (desmesura trágica, sentido da alegoría) e a tradición dos monicreques.

Selección de escenas das seguintes obras:

- *Mariana Pineda*
- *La Zapatera prodigiosa*
- *Bodas de sangre*
- *Yerma*
- *Doña Rosita la soltera, o el lenguaje de las flores*
- *La casa de Bernarda Alba*



Obxectivos

- Fomentar a lectura de obras de poesía e de teatro.
- Dar a coñecer a poesía e o teatro de Federico García Lorca.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Recital de poesía e lectura dramatizada das principais obras de Federico García Lorca.



Programación de actividades de fomento da lectura

► VISITAS GUIADAS Á BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

Descrición

Con esta actividade preténdese ensinar e explicar o funcionamento da Biblioteca Central Rialeda, para que o alumnado a utilice fóra do seu horario escolar.

Obxectivos

- Coñecer a Biblioteca Central Rialeda.
- Presentar a páxina web municipal e o blog das bibliotecas.
- Aprender a realizar buscas no catálogo.
- Fomentar o uso do libro e a lectura.

Duración

2 horas.

Temporalización

Meses de outubro a decembro e de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Realizaranse visitas para todo o alumnado que o soliciten dos diversos centros, pero recoméndanse preferentemente para os do 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO.



Actividades

- Presentación.
- Explicación do funcionamento da biblioteca.
- Páxina web e blog.
- Como buscar libros a través do catálogo?
- Contacontos *Feirantes* a cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira. Realizado a partir da adaptación dun relato da obra *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro.

Programación de actividades de fomento da lectura

► A FAVOR DA IGUALDADE. CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Realización de exposicións bibliográficas na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.

■ CONTOS CONTADOS CON TODAS E TODOS. A cargo do contador de contos Caxoto

Descrición

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos. As personaxes comprenden a importancia da igualdade de xénero, desempeñan roles non moi usuais..., ensinan que todas e todos debemos ter as mesmas oportunidades.

Obxectivos

- Dar a coñecer o Día Internacional da Muller e a súa importancia.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

Duración

1 hora.

Temporalización

Mes de marzo.

Destinatarias/os

Alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.



Actividades

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **MULLERES QUE CORREN CON LOBOS.**

A cargo da actriz M^a Inés Cuadrado

Descrición

Recital de lendas baseado na recompilación de Clarissa Pinkola, interpretado por M^a Inés Cuadrado, con acompañamento en clarinete de Xocas Meijide.

Obxectivos

- Conmemorar o Día Internacional da Muller.
- Promover a lectura.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

Duración

1 hora.

Temporalización


Mes de marzo.

Destinatarias/os

Alumnado de 3^o e 4^o de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Recital de lendas con acompañamento de clarinete.



► **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL**

Descrición

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.



Obxectivos

- Dar a coñecer autores/as e obras infantís e xuvenís.
- Promover a lectura entre os nenos e nenas.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas.

Temporalización

Semanas anteriores e posteriores ao 2 de abril.

Destinatarias/os

Alumnado de educación infantil e ensinanza primaria.

Actividades

Exposición de obras de literatura infantil e xuvenil.

Programación de actividades de fomento da lectura

► O RATO ILUSTRADOR.

CONTACONTOS TEATRAL. A cargo de Trinke Trinke

Descrición

Un día, vindo de Lonxedetodo, o Rato Fuco atopa unha caixa de lapis de cores. Será algún deles un lapis máxico, como o de Tomé, o protagonista do conto que vén de ler? Cando chegue á biblioteca vai-no probar inmediatamente!




Obxectivos

- Promover a lectura.
- Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Achegar os libros e a lectura ás nenas e nenos máis pequenos.
- Aprender a controlar as emocións.
- Traballar a capacidade de atención e escoita.

Duración

40 minutos.



Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixida a nenas e nenos de 4 e 5 anos de educación infantil e 1º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Contacontos teatralizado.

Contos:

- **Tomé e o lapis máxico.**
Ricardo Alcántara. Edelvives.
- **Garavanciño.** Olalla González e Marc Taeger.
Kalandraka.
- **La Oca Loca.**
Gloria Fuertes.
Escuela Española.



Programación de actividades de fomento da lectura

► DÍA DO LIBRO

Descrición

Conmemoración do Día do Libro.

Obxectivos

- Presentar obras de Cervantes.
- Dar a coñecer obras e escritores/as que recibiron o Premio Cervantes.
- Promover a lectura entre os adolescentes, mozos/as e adultos/as.
- Difundir obras de creación literaria que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos/as escritores/as.



Temporalización

Mes de abril.

Destinatarias/os

Adolescentes, mozos/as e adultos/as.

Actividades

- Mostra de diversas edicións da obra de "El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha".
- Exposición de obras de Cervantes.
- Exposición de obras de autores/as que recibiran o Premio Cervantes.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura.

Programación de actividades de fomento da lectura

► CERVANTES Vs SHAKESPEARE.

A cargo do actor e contador de contos Caxoto

Descrición

Estes dous autores foron o reflexo dun período de gran relevancia para a humanidade: o Renacemento.

Unha época onde o ser humano se fai consciente da súa realidade e capacidades. Unha época onde o pensamento e a ciencia asumirán un papel relevante desde o escurantismo da Idade Media e cara ao racionalismo da Ilustración. Unha achega a esta etapa histórica desde a vida e a obra destes dous personaxes así como de contos e lendas deste tempo.

Escribir un libro é unha tarefa moi complexa. A esa tarefa se entrega o noso protagonista tomando como guía e modelo aos dous máis grandes escritores de todos os tempos: Miguel de Cervantes e William Shakespeare.

A través dunha viaxe polas súas vidas e obras coñeceremos o tempo que lles tocou vivir, quen foron os seus coetáneos, que incógnitas rodean as súas vidas...

Unha viaxe aos tempos de Alonso Quijano, Romeo e Xulieta, Rinconete e Cortadillo... Unha viaxe ao Século de Ouro.

Características

Recréase unha galería dun museo na que atoparemos os retratos dalgunhas das máis importantes personalidades. Neste contexto atoparemos a un frustrado escritor vestido ao estilo do Século de Ouro que interactúa coas personaxes dos cadros mentres conta quen foron e que fixeron.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer as figuras de Cervantes e de Shakespeare.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

Actividades

Narración oral.



Programación de actividades de fomento da lectura

► "LAS INGENIOSAS DEL HIDALGO: EL QUIJOTE EN VOCES DE MUJERES".

A cargo de Soledad Felloza

Descrición

A actriz Soledad Felloza relata neste espectáculo varios monólogos curtos nos que se dramatizan diferentes personaxes femininos da obra de Cervantes. Narra diversos capítulos de "El Quijote" nos que as mulleres teñen certo protagonismo:

Quiteria, que en plena voda con Camacho o rico, lembra o seu amor a Basilio, o pobre.

A pastora Marcela, na que destaca o seu discurso co que finalizaba as charlas cos seus namorados.

Claudia Jerónima Cervantes, na que está personalizada a liberdade da muller, con límites tan amplos nos que cabe un erro tan grave como a morte.

Obxectivos

- Promover a lectura do magnífico libro "El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha".
- Difundir a obra de Miguel de Cervantes Saavedra.
- Conmemorar o cuarto centenario do aniversario da morte deste ilustre escritor.
- Achegar a lectura dos clásicos aos mozos e mozas.



Duración

1 hora.

Temporalización

Realizaranse actuacións preferentemente no mes de abril.

Destinatarias/os

Para o alumnado de 4º de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración Día das Letras Galegas

► DÍA DAS LETRAS GALEGAS. ESCRITOR HOMENAXEADO NO ANO 2017: CARLOS CASARES

Descrición

Commemoración do Día das Letras Galegas, dedicado no ano 2017 ao excelente escritor Carlos Casares.

Obxectivos

- Dar a coñecer a biografía e obra do escritor Carlos Casares.
- Promover a lectura de obras de Carlos Casares.
- Difusión das letras e cultura galegas.
- Difundir obras de creación literaria galega que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre escritores/as galegos/as.

Temporalización

De febreiro a maio.

Destinatarias/os

Todas as idades.

Actividades

- Programación de varios contacontos e espectáculos baseados nas súas obras.
- Exposición de obras de e sobre Carlos Casares.
- Exposición de obras de escritores/as aos que se lles dedique o Día das Letras Galegas.
- Mostra bibliográfica de literatura galega.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura en galego: encrucillados, marcapáxinas, etc.



Para conmemorar este día programamos varios actos que se van ir realizando ao longo dos meses de febreiro a maio:

- Conferencia divulgativa sobre a vida e a obra de **CARLOS CASARES**.
- Contacontos e espectáculos que describimos a continuación:

Programación de actividades de fomento da lectura

Conmemoración Día das Letras Galegas

► CACARACÁ. Contacontos baseado na obra A GALIÑA AZUL de CARLOS CASARES.

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Ana é unha nena que marcha fóra de Galicia e o autor mándalle unha carta:

"Mentres non voltas, mándoche estes contos, escritos na túa lingua, para que ó escoitar estas palabras podas relembra aquelas outras ditas por aquela campesiña que viña do dentista de arrincar unha moa: "Ai que nena tan bonita! Parece unha mazá".

Neste espectáculo nárranse contos do libro *A Galiña Azul* entre os que destacan as historias de Leoncio, o inventor da bomba da Felicidade e do "papaio", unha lingua para falar cos paxaros. Claro que o personaxe central é a Galiña Azul, á cal quere matar Manolito Listón porque, segundo di, unha galiña que en vez de dicir cacaracá di cocorocó e que ten cinco plumas encarnadas na á dereita, "non é unha galiña como é debido".

Estes contos son un canto á liberdade, á imaxinación e á necesidade de ser diferente, unha narrativa fortemente vencellada aos contos populares (en que os animais sempre teñen algo que nos ensinar), á maxia do absurdo e á fantasía.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta coñecida obra de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de educación infantil e de ensinanza primaria. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos.



Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración Día das Letras Galegas

► **AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TÓDALAS LARANXAS. CARLOS CASARES.**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Para conmemorar o Día das Letras Galegas dedicado no ano 2017 ao insigne escritor Carlos Casares, programouse este contacontos baseado na súa obra *“As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas”* que é unha historia ambientada na horta dunha casa na que destaca un limoeiro con cinco enormes laranxas, as laranxas máis grandes do mundo.

Cando o amo da casa toca unha, estálalle na cara. Alercados polo ruído, aparecen os veciños, que non se poñen de acordo sobre que son os froitos da árbore, ata que as propias laranxas acláranlles quen son.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta famosa obra de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.


Duración

1 hora.



Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos.

Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración Día das Letras Galegas

► **O GALO DE ANTIOQUÍA.** Contacontos baseado na obra do mesmo título de **CARLOS CASARES.**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

“O día 2 de xullo do ano 1645, a media mañá, a Praza Maior de Xinzo de Limia desbordaba de xente”

Non era o mellor día para que o ferreiro Antonio Madarro, máis coñecido polo alcume de “O Calatrón”, empezara a dicir que lle sucedían cousas moi raras.

Saber que o diluvio tivera lugar catro mil setecentos anos, seis meses e quince días, recitar os nomes dos fillos de Noé e falar en latín non serviu de nada. O Ferreiro non era quen de explicar o que lle estaba a acontecer.

Un conto cun humor que raia o absurdo nesta fantástica e divertida historia dun home que un día pon un ovo, outro día médranlle plumas e finalmente, convértese en galo.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta divertida historia de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.

Temporalización


Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 3º ciclo de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Narración oral.



Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración Día das Letras Galegas

► O CARTEIRO EN BICICLETA.

A cargo do actor e contador de contos Caxoto

Descrición

Buscamos desta maneira levar ao espectador nunha viaxe evocadora á busca das nosas raíces desde a proximidade das emocións, as historias coñecidas, a palabra mil veces escoitada, o verso relembrado. Este espectáculo quere condensar nun suspiro algunhas das esencias da nosa literatura facendo un percorrido nas dúas rodas polas autoras e autores homenaxeados co Día das Letras Galegas.

Achega a algunhas das personalidades máis importantes e interesantes da literatura galega nunha viaxe a través das persoas homenaxeadas co Día da Letras Galegas. Desta maneira pasaremos de vagar pola poesía de Rosalía, pola retranca doce e amarga de Castelao, a enxebreza de Celso Emilio Ferreiro, a narrativa de Ánxel Fole, a sensibilidade de Pimentel, a xeografía chairega de Manuel María... ata chegar aos nosos días coa vida e obras do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2017: Carlos Casares. A través da súa xeografía interior que tan ben nos retratou e baixo o espírito surrealista de obras como *“As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas”*, a ansia de aventuras do gran Toribio

e a tenrura presente en *“Lolo anda en bicicleta”* reviviremos algún dos seus relatos infantís máis influentes.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta divertida historia de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos. É un espectáculo vivo que ao partir de fontes literarias tan variadas pode cingirse á idade que máis interese.

Actividades

Nesta proposta recóllese recital, música en directo, teatro, conto fantástico, relato de misterio, poesía... todo tecido co fío da narración oral e da palabra dialogada.



Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración
Día das Letras Galegas

► **UN POLBO XIGANTE.** Contacontos baseado na obra do mesmo título de CARLOS CASARES.

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Un conto para ser contado pola noite ao carón do lume, nun velorio, como a noite na que comeza a historia, a resguardo da viruxe, a salvo dos perigos que axexan no mar escuro, nese intre no que as historias de medo son máis cativadoras.

Certa ou non, cóntase a historia dun polbo envorcador de dornas, arrebatador de homes como Nicolás, levándoo ergueito como unha bandeira, ou foi o xastre de Agüeiros disfrazado de lura? Todo pode suceder nas noites de Entroido.

A vella Delfina, coñecedora dunha ampla variedade de insultos (pecador, burricán...). Delfina, asegura que viu un polbo grande como dez vacas, e que, entre o bruar dos tombos oíu asubiar a Alborada de Veiga.

As historias ben contadas acaban persuadíndonos de seren certas. As boas historias de medo serven para escorrentar o medo, e a viúva do Nicolás, logo de escoltala, dá por finalizado o velorio, pois seu home non está afogado, senón de viaxe.


Polos Mares da China ou cara á festa de San Roque na Pobra, tanto ten.

Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta entretida historia de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.



Temporalización

Meses de febreiro a xuño.

Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Narración oral.

Programación de actividades de fomento da lectura

Commemoración Día das Letras Galegas

► **CLÍO. A MUSA EXCÉNTRICA.** Baseada na obra de CARLOS CASARES *OS ESCUROS SOÑOS DE CLÍO*.

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

Descrición

Sesión de narración oral baseada na obra de Carlos Casares *Os escuros soños de Clío*.

Imaxinemos unha noite de inverno... chuvia, frío, vento, neve... historias diante dunha lareira... e quen narra as historias e a mesma Clío, a musa excéntrica e irónica da historia.



Obxectivos

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer esta obra de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

50 minutos.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de 6º curso de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Narración oral.

Programación de actividades de fomento da lectura

Conmemoración Día das Letras Galegas

► **DEUS SENTADO NUN SILLÓN AZUL e outras novelas de CARLOS CASARES.**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Descrición

Escolma de textos de *Ilustrísima*, *Os escuros sonhos de Clío* e *Deus sentado nun sillón azul*.

Un percorrido polas novelas do escritor, para coñecer algúns dos textos máis destacables da súa obra.

Segundo Torrente Ballester, Carlos Casares é “un narrador espontáneo cun despegamento do accidental e o secundario, rexional e costumbrista, fiel ás esencias que lle permiten ser ao mesmo tempo europeo e galego. Dunha sinxeleza expresiva, rica, chea de lirismos admirablemente ben integrados. Casares é un imaxinativo”.

Obxectivos


- Promover a lectura.
- Dar a coñecer estes libros de Carlos Casares.
- Fomentar a imaxinación.

Duración

1 hora.

Temporalización

Meses de febreiro a xuño.



Destinatarias/os

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

Actividades

Contacontos.

Programación de actividades de fomento da lectura

► GUÍAS DE LECTURA E RECOMENDACIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Descrición

Recomendacións de obras pola súa calidade literaria, artística ou científica, infantís, xuvenís e de adultos. Relacións de libros, DVD, CD, por idades, temas ou contidos para difundir a súa lectura e tamén para suxerir como un bo agasallo.

Obxectivos

- Recomendar libros de calidade literaria, artística ou científica para a súa lectura.
- Recordar que un libro tamén é un bo agasallo.
- Dar a coñecer as obras que hai nas bibliotecas municipais sobre un autor, autora ou tema determinado.

Destinatarias/os

Todas as idades.

Temporalización

- **Mes de decembro:** recomendación de libros para ler ou agasallar polo Nadal ou Reis.
- **Mes de xuño:** recomendación de lecturas para o verán.



Programación de actividades de fomento da lectura

► CLUB DE LECTURA XUVENIL RIALEDA

Xustificación

É unha actividade na que poden participar nenas e nenos a partir de 9 anos e adolescentes, onde se len ou comentan diferentes libros, coa que pretendemos fomentar a lectura, animar a ler, que se divirtan coa literatura, que o pasen ben e, en definitiva, formar boas lectoras e lectores.

Descrición

Un club de lectura está formado por un grupo de persoas que se reúnen periodicamente para comentar un mesmo libro. Este libro é facilitado, previamente, pola biblioteca aos nenos/as e adolescentes participantes para que o lean. Cada participante lerao de forma individual na súa casa e nas reunións compártanse opinións e debáteranse distintos aspectos do texto, etc. Comentarase o argumento, recursos literarios, tema que trata ou con que está relacionado, etc.

Unha monitora e o persoal da biblioteca dirixirán a actividade e poderán facilitar material complementario (artigos de prensa, entrevistas, películas, bibliografías, etc.) para o seu desenvolvemento.

Obxectivos

- Promover a lectura e o uso da biblioteca.
- Animar a ler.
- Divertirse coa literatura.
- Formar lectoras e lectores competentes.

Duración

1 hora.

Lugar de realización

Biblioteca Central Rialeda en Perillo.



Temporalización

As sesións son **mensuais**, martes (non festivos), ás 18.30 h.

Destinatarias/os

Nenas e nenos a partir de 9 anos e adolescentes.

Programación de actividades de fomento da lectura

► **ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO.** **MANUEL ABELENDA, XOSÉ NEIRA VILAS E** **MARÍA ADALID GONZÁLEZ**

Descrición

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consistirá no recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todos eles. Comezaremos nas Torres de San Cruz onde se proxectarán imaxes (acompañadas dunha breve explicación) de diversas obras dos pintores Manuel Abelenda e María Adalid González; trasladarémonos á rúa do Pombal en Perillo para coñecer a súa casa; a continuación marcharemos para o Instituto Neira Vilas onde homenaxearemos ao escritor Xosé Neira Vilas; finalizaremos no Pazo de Lóngora en Montrove, onde coñeceremos a casa de María Adalid González.

Obxectivos

- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

Duración

Aproximadamente 4 horas.

Temporalización

Durante o curso escolar.



Destinatarias/os

O folleto e a presentación destas persoas e lecturas realizarao o alumnado de 1º de bacharelato do IES Miraflores, dirixido polo seu profesorado.

Poderán participar no Roteiro o alumnado de 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

Actividades

Realización dun folleto explicativo sobre estes lugares e personaxes.

Roteiro cultural e literario polos diferentes lugares mencionados na descrición.

Programación de actividades de fomento da lectura

ACTIVIDADE	CURSOS OU IDADES
► Valados	Ensinanza primaria
► XXVI Campaña de promoción da lectura	Educación infantil e ensinanza primaria
► Paxariños	Educación infantil
► Festas en Lonxedetodo!	Educación infantil (5 anos) e 1º e 2º ciclo de ensinanza primaria
► Elas tres: a nena, a raíña e a bruxa	Educación infantil (5 anos) e 1º e 2º ciclo de ensinanza primaria
► Contos para desafiar ás tres bestas pardas	Educación infantil (5 anos) e 1º e 2º ciclo de ensinanza primaria
► Os tres avisos	6º de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO
► Charlie e a fábrica de chocolate	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Un conto de tres noites	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Xeografía do imaxinario	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Un amor voador	6º de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO
► Marxinados	ESO
► Música e imaxe co compositor e músico Nani García	4º de ESO e bacharelato
► Obradoiros de ilustración	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria
► Sensacións debuxadas: debuxando cos cinco sentidos	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Talleres de banda deseñada	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Hip Hop poema pop	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► Leixaprem: Martín Codax	ESO
► Cantando con Rosalía	3º ciclo de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO
► Encontros con escritores/as	2º e 3º ciclo de ensinanza primaria, ESO e bacharelato
► Espectáculo poético visual con Yolanda Castaño	ESO e bacharelato
► O corazón delator e outros contos	ESO e bacharelato
► Contos de candil que ninguén cre	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
► De Fole a Miranda	ESO e bacharelato
► Campos de Castilla de Antonio Machado	Bacharelato

Programación de actividades de fomento da lectura

ACTIVIDADE	CURSOS OU IDADES
▶ Contos escollidos de Emilia Pardo Bazán	ESO e bacharelato
▶ “La voz a ti debida”	ESO e bacharelato
▶ Poesía e teatro de Federico García Lorca a cargo de Soledad Felloza	ESO e bacharelato
▶ Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
▶ A favor da igualdade: Contos contados con todas e todos	Ensinanza primaria
▶ Mulleres que corren con lobos	3º e 4º de ESO e bacharelato
▶ Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil: O rato ilustrador	4 e 5 anos de infantil e 1º ciclo de ensinanza primaria
▶ Día do Libro	Todas as idades
▶ Cervantes Vs Shakespeare	Ensinanza primaria
▶ “Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres”	4º de ESO e bacharelato
▶ Día das Letras Galegas. Escritor homenaxeado: Carlos Casares	Todas as idades
▶ Conferencia divulgativa sobre Carlos Casares da súa vida e da súa obra	ESO e bacharelato
▶ Cacaracá	Educación infantil e ensinanza primaria
▶ As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas	Ensinanza primaria
▶ O galo de Antioquía	3º ciclo de ensinanza primaria e ESO
▶ O carteiro en bicicleta	2º e 3º ciclo de primaria e 1º e 2º curso de ESO
▶ Un polbo xigante	ESO
▶ Clío. A musa excéntrica	6º curso de ensinanza primaria e ESO
▶ Deus sentado nun sillón azul e outras novelas de Carlos Casares	Bacharelato
▶ Guías de lectura e recomendacións bibliográficas	Todas as idades
▶ Club de Lectura Xuvenil Rialeda	Nenas e nenos a partir de 9 anos e adolescentes
▶ Roteiro cultural e literario	Alumnado de 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato